

# **SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO**

**INFORME DE REVISIÓN INTERNA  
CONVOCATORIA: 2014**

**Grao/ Mestrado Universitario:  
Mestrado Universitario en Enxeñaría da Automoción**


## INFORME DE REVISIÓN DO SEGUIMENTO DO TÍTULO

### INFORME DE REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMIENTO DE TITULACIÓN

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 28/07/2015

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Mestrado Universitario en Enxeñaría da Automoción
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Escuela de Ingeniería Industrial
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME - EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME <input type="checkbox"/> NON CONFORME
<p><b>XUSTIFICACIÓN DO RESULTADO</b></p> <p><b>- Información pública:</b> En xeral, na web do título, a información está completa e está dispoñible de forma clara e accesible, cumprindo os criterios de transparencia. Aínda que existen pequenos erros na información proporcionada, en xeral este aspecto está suficientemente desenvolvido.</p> <p><b>- Valoración do cumprimento do proxecto:</b> Débese continuar coa reflexión en profundidade dos distintos aparatados relacionados coa implantación do título.</p> <p><b>- Accións levadas a cabo ante as recomendacións:</b> É necesario continuar co Plan de Melloras, tanto na súa definición como na implantación, de xeito que se continúe co proceso de mellora continua do título.</p> <p style="text-align: center;">Vigo, a 28 de xullo de 2015</p> <div style="text-align: center;">  </div> <p style="text-align: center;">Xosé María Gómez Clemente Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade</p>	

---

## 1. Información pública

---

**Resultado:**

---

**Conforme**

**A**

**B**

**Non Conforme**

**C**

**D**

---

### XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

#### Fortalezas:

A información dispoñible é lexible e completa, polo que permite una visión global do título. A pesares de existir unha web específica do Máster que contén enlaces á Web da Uvigo, é sinxelo seguir a información, e máis alá do cambio de aspecto pódese obter adecuadamente a información proporcionada.

A información ten unha clara orientación cara ao usuario. Recolle información relevante ampliándoa co fin de lograr unha maior transparencia.

#### Non conformidades:

Non se atopou a información de horarios das materias, unicamente hai unha referencia ao horario xeral do Máster, sen particularizar cando se desenvolve cada Materia.

Non se fai referencia a existencia ou non dun Plan de Acción Titorial (PAT)

Existe unha incoherencia entre o número de créditos optativos que se indican na web da universidade ([http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/titulacions/masters/tecnoloxias-procesos-industria-automobil/informacion/descricion/](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/titulacions/masters/tecnoloxias-procesos-industria-automobil/informacion/descricion/)) e as da web propia do título, xa que neste caso se indican que as especialidades son de 30 ECTS que necesariamente deben ser optativos.

#### Recomendacións para a mellora :

A web do Máster podería ser completada para incluír os aspectos mencionadas nas non conformidades. En relación ao PAT, sería convinte falar da aplicación do mesmo ao Máster, e telo dispoñible en Información pública.

Tamén se recomenda recoller na web do Máster a normativa específica de realización e defensa do TFM.

Por outra banda, dado o gran número de profesores do Máster, poderíanse proporcionar mecanismos que facilitasen atopar a un profesor determinado, como permitir ordenalos por varios campos ou similar.

**INFORMACIÓN PÚBLICA: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL E TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR**

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p>Los horarios detallados de las materias están en la aplicación de Teledocencia faitic, siempre actualizados. Se facilitan en formado pdf y el enlace ical (outlook, Gmail, Android, mac,...) , con lo que los alumnos y profesores lo tienen siempre disponible. Se adjuntan los pdf, a continuación hipervínculos a los calendarios en formado ical.</p> <p><a href="#">Modulo 1</a>; <a href="#">Módulo 2</a>; <a href="#">Módulo 3</a></p> <p>No se considera que esta información detallada deba ser pública; no es necesaria para la toma de decisión previa a la matrícula (ni siquiera está elaborada), por lo que solo se proporciona a los profesores y alumnos.</p>	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si,</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: A información dos horarios debe ser pública e completa. É un requisito de información pública establecido polas axencias de calidade</p>

**2. Valoración do cumprimento do proxecto establecido**

**Resultado:**

<input checked="" type="checkbox"/> <b>Conforme</b> <input type="checkbox"/> <b>A</b> <input checked="" type="checkbox"/> <b>B</b>	<input type="checkbox"/> <b>Non Conforme</b> <input type="checkbox"/> <b>C</b> <input type="checkbox"/> <b>D</b>
--	--

**XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN**

**Fortalezas**

<b>3. Obxetivos e competencias</b>	Valórase a realización de enquisas propias para a posterior toma de decisións.
<b>5. Planificación das ensinanzas</b>	A reflexión é coherente e completa, tendo en conta os principais criterios de análise. Da información proporcionada no autoinforme se deduce que se dedica un esforzo importante á coordinación horizontal das materias o que constitúe un valor de relevancia.
<b>6. Recursos humanos</b>	A existencia de profesorado externo profesional valórase moi positivamente, aínda que implique unha maior complexidade organizativa.
<b>9. Sistema de Garantía de Calidade</b>	La reflexión sobre este criterio es completa y coherente.

**Non Conformidades**

Criterio asociado	Xustificación
<b>1. Descrición da titulación</b>	Existe unha incoherencia na información pública referente aos créditos optativos. No autoinforme non se fai referencia ao número de matriculados por curso, o que limita a reflexión en canto a súa idoneidade e a posible evolución do mesmo. Non se fai referencia a que o Mestrado capacite para o exercicio de profesión regulada, debería aclararse este aspecto.
<b>3. Obxectivos e competencias</b>	A reflexión proporcionada sobre o alcance de competencias nas guías de Titulación e a través do TFG, é moi somera e non se indica como se comproba que son alcanzadas. Non se valoran os indicadores das enquisas de satisfacción do alumnado, nin se reflexiona de ningún modo nese aspecto, atendendo á baixa participación nas devanditas enquisas.
<b>5. Planificación das ensinanzas</b>	Debería detallarse en qué consisten as actividades de titorización similares ao PAT, que se indica no autoinforme que se realizan no marco do presente título.
<b>6. Recursos humanos</b>	Non se fai unha reflexión nin se propoñen melloras organizativas para manexar o gran volume de profesorado.

<b>Recomendacións para a mellora</b>	
<b>Criterio asociado</b>	<b>Xustificación</b>
<b>1.Descrición do título</b>	A reflexión presentada é sinxela. É necesario incluír o número de créditos ECTS do Máster. Así como os documentos nos que se basea a reflexión.
<b>2. Xustificación</b>	A reflexión deste apartado conviría que recollese unha exposición dos feitos que xustifican o título desde o punto de vista científico, académico ou profesional, incluíndo datos de demanda, evolución de oferta-demanda, histórico de matrícula. Debería recollese tamén os convenios e alianzas con entidades do sector. Para unha reflexión máis profunda, sería interesante facer unha comparación da situación do título con respecto a outros títulos semellantes a nivel nacional. Tamén se podería recoller información sobre o plan de promoción do título.
<b>3.Obxetivos competencias</b>	Menciónanse as enquisas propias do Máster e as da Universidade, pero non se fai unha análise das mesmas, nin se indican os valores desas enquisas. Recoméndase que se inclúan, ou se recolla o motivo da exclusión destes datos (indicador 78 e 74). Ademais deberíanse revisar as guías docentes das materias comprobando que as competencias da memoria de verificación están desenvolvidas nas mesmas, tamén sería conveniente incluír nas guías docentes a correlación entre metodoloxía, avaliación e competencias.
<b>4.Aceso admisión estudantes</b>	Deberíase facer unha reflexión sobre os datos evolutivos de matrícula, e da demanda. Non hai constancia de análise das enquisas de satisfacción, recoméndase que se inclúan, ou se recolla o motivo da exclusión destes datos (indicador 71).
<b>5. Planificación das ensinanzas</b>	A normativa correspondente ao TFG non está desenvolvida, o que debe ser un obxectivo fundamental.
<b>6.Recursos Humanos</b>	Debería incluírse unha análise do perfil do profesorado do Máster. Deberíase facer unha reflexión sobre a participación do profesorado da Universidade de Vigo no programa Docencia ou no VAD. Debería incluírse na web, ademais do nome do profesorado que da cada materia, o cal está, unha breve reseña do CV.
<b>9. Sistema de Garantía de Calidade</b>	Débese continuar na implantación do SIGC.

**VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR**

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p><b>Reflexión sobre la justificación. Por error en el manejo de la aplicación, no se incluyó el apartado correspondiente en el archivo. Se adjunta el archivo completo.</b></p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> Si  <input type="checkbox"/> Non  <b>Xustificación:</b>  <b>Acéptase a inclusión de nova documentación..</b></p>
<p><b>Planificación de las enseñanzas: Incongruencia entre la reflexión y la propuesta de mejora de los mecanismos de coordinación. En la reflexión se hace referencia a los grandes esfuerzos de coordinación realizados. A pesar de ello, debido a las particularidades del máster (unos 90 profesores, de la industria y la universidad), todavía vemos margen de mejora.</b></p>	<p><b>Admitida:</b>  <input checked="" type="checkbox"/> Si  <input type="checkbox"/> Non  <b>Xustificación:</b>  <b>Enténdese a dificultade de coordinación e animase a que se siga traballando neste aspecto..</b></p>
<p><b>Recursos Humanos: consideramos que la reflexión que se echa en falta está en el apartado 5.</b></p>	<p><b>Admitida:</b>  <input type="checkbox"/> Si  <input checked="" type="checkbox"/> Non  <b>Xustificación:</b>  <b>Se recuerda que la reflexión sobre la adecuación y suficiencia de los Recursos Humanos es fundamental, en el seguimiento periódico del Título y de sus resultados. Aunque en el criterio 5 se hayan incluido comentarios, debe recogerse la información de la reflexión y de las posibles acciones de mejora en el análisis del criterio correspondiente.</b></p>

**3. Accións levadas a cabo ante as recomendacións**

**Resultado:**

- Conforme**  
 **Non Conforme**

**XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN**

Estance a desenvolver as accións de mellora, detallando o seu nivel de cumprimento.

**ACCIÓNS ANTE RECOMENDACIÓNS: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR**

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
	<b>Admitida:</b> <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <b>Xustificación:</b>